

## 5. Contidos do cuarto curso da ESO

Segundo a lexislación vixente, e para favorecer unha maior claridade ao ler este proxecto curricular, presentamos de forma individualizada os contidos de *English in Use ESO 4*, á parte da secuenciación de obxectivos xerais de área (apartado 4) e dos criterios de avaliación especificados en cada unidade.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixos con características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e aprendizaxe:

### As habilidades lingüísticas

Bloque 1. *Escoitar, falar e conversar*

Bloque 2. *Ler e escribir*

### Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

Bloque 3. *Coñecemento da lingua*

### A dimensión social e cultural da lingua estranxeira

Bloque 4. *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*

#### Bloque 1. Escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso, o primeiro bloque céntrase en potenciar nos alumnos/as a capacidade para interactuar nestas situacións, incidindo na importancia de que o modelo lingüístico oral de referencia proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

#### Bloque 2. Ler e escribir

Este bloque incorpora os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

#### Bloque 3. Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan establecer que elementos da lingua estranxeira se comportan como nas linguas que coñecen e que estratexias lles permiten progresar nas súas aprendizaxes, co obxectivo lograr confianza nas súas propias capacidades.

#### Bloque 4. Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza os costumes, formas de relación social, características e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

### **BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR**

- - Uso dos obxectivos da unidade para interaccionar co profesor/a e cos compañeiros/as.
- - Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- - Audición e comprensión de información xeral e específica de mensaxes cara a cara sobre temas concretos e coñecidos.
- - Audición e comprensión de mensaxes sinxelas, a través dos materiais audiovisuais do método: *Everything English Video*, no que se inclúen 9 episodios culturais que teñen lugar en Gran Bretaña.
- - Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante, etc.
- - Produción oral de descrições, narracións e explicacións breves con estrutura lóxica e pronuncia adecuada.
- - Participación en conversacións e simulacións relacionadas con conversacións telefónicas, unha entrevista,

indicacións para chegar a un lugar, unha conversación sobre a información publicada nun artigo de xornal, a presentación dun traballo na clase, os plans para o futuro, unha conversación nunha tenda ou unha conversación sobre problemas de saúde.

- - Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.
- - Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversación en actividades de comunicación reais e simuladas.

•

## BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- - Identificación do contido de textos escritos sobre o paracaidismo con traxe de ás, a serie de televisión *Xogo de tronos*, os nenos verdes de Woolpit, a vida das formigas, os consumidores, a contaminación dos mares, a recuperación despois dun accidente de tráfico, as viaxes adaptadas para cegos, etc., todo iso co apoio de elementos verbais e non verbais, e utilizando diferentes estratexias de lectura.
- - Comprensión da información xeral e da específica de textos escritos, a través de exercicios de predición do contido, identificando uns enunciados como verdadeiros ou falsos, contestando a preguntas sobre o texto, identificando palabras a partir de definicións, elixindo a resposta adecuada, completando oracións, etc.
- - Relación do vocabulario da unidade coa súa categoría correspondente.
- - Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- - Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información, co fin de realizar actividades individuais ou en grupo.
- - Producción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita. Nestes textos terán que escribir un informe sobre unha persoa, unha crítica dunha película, unha narración, un correo electrónico sobre un problema, un ensaio de opinión, un post sobre viaxes, un correo electrónico informal e unha descrición dunha experiencia.
- - Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.
- - Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto (formal e informal).
- - Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas e dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, das conxuncións finais e copulativas, das conxuncións e locucións adversativas, etc.
- - Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

## BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

### Coñecementos lingüísticos:

#### Léxico / Vocabulario

- - Relacionado cos temas tratados: lugares da cidade, adxectivos relacionados coa personalidade, comida, animais, perigos e deportes de risco, adxectivos para describir experiencias, realeza, cine e televisión, misterios, fenómenos naturais e sobrenaturais, interaccións sociais, vida na cidade, *mercadotecnia*, compras, ambiente, reciclaxe, partes do corpo, problemas de saúde, os sentidos e adxectivos descritivos.
- - Formación e uso de palabras, a través de: nomes compostos, *false friends*, *cognates*, *phrasal verbs*, prefixos, sufixos, *collocations* e frases feitas.
- - Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe: asociar palabras e descricións cos seus debuxos ou fotografías e palabras e expresións coa súa definición, formar *collocations*, relacionar palabras co seu sinónimo e agrupar vocabulario en campos semánticos.
- - Aprendizaxe e práctica de fórmulas e expresións relacionadas co vocabulario de cada unidade.
- - Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira, a través de correspondencia postal ou, utilizando medios informáticos.
- - Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas, dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, das conxuncións finais e copulativas, das conxuncións e locucións adversativas, etc.
- - Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

#### Estrutura e funcións da lingua

- Intercambio de información persoal; linguaxe da clase. *Present Simple / Present Continuous, Past Simple / Past Continuous, will, be going to*, cuantificadores e determinantes, comparativo dos adxectivos. (*Getting Started*)
- Comentar as noticias; falar sobre o pasado e o presente; facer entrevistas. Contraste entre o *Present Perfect Simple* e o *Past Simple, used to*. Conxuncións causais e consecutivas. (Unidade 1)
- Facer un *quiz*; facer preguntas e contestalas; falar sobre películas. As oracións de relativo; compostos con

- **some, any e no.** Conxuncións adversativas. (Unidade 2)
- Comentar actividades pasadas; contar unha historia; falar sobre fenómenos insólitos. O *Past Perfect Simple* e o contraste co *Past Simple*. Conectores de secuencia. (Unidade 3)
- Comparar comportamentos; expresar pesar e pedir desculpas; falar sobre problemas e solucións. O primeiro, segundo e terceiro condicional. Os sinónimos. (Unidade 4)
- Describir un produto; falar sobre o futuro; tomar decisións. A pasiva en presente, pasado e futuro. Uso de expresións que denotan opinión. (Unidade 5)
- Dicir o que dixo alguén; contar unha conversación; realizar unha enquisa ou sondaxe. O estilo indirecto. As conxuncións copulativas. (Unidade 6)
- Facer especulacións; falar sobre saúde; comentar fotografías. Os verbos modais para expresar posibilidade (**may, might**), habilidade e posibilidade (**can, could, be able to**), dar consello (**should**), obrigación e necesidade (**must, have to, need to, needn't**), e prohibición (**mustn't**). Expresións de apertura e peche en escritos informais. (Unidade 7)
- Falar sobre os sentidos; falar sobre un mesmo; comentar unha experiencia. Xerundios e infinitivos. Uso de adxectivos e adverbios. (Unidade 8)
- Repaso de todas as estruturas e funcións da lingua nomeadas nas unidades anteriores. (Unidade 9)

### Fonética

- Pronuncia correcta do vocabulario da unidade e do abecedario. (*Getting Started*)
  - - Identificación e pronuncia da forma débil e forte das palabras. Pronuncia dos sons /t/ e /e/. (Unidade 1)
  - - Identificación e produción dos sons /s/, /k/ e /tʃ/. Práctica da entoación de frases en inglés. Acentuación correcta das preposicións en inglés ao final da frase. (Unidade 2)
  - - A pronuncia correcta dos sons /w/, /j/, /v/, /əv/ e /ɔ:/. (Unidade 3)
  - - Pronuncia da letra *g* en palabras como “*charge*” ou “*big*”, e da letra *j* en palabras como “*jam*”. Aprender palabras que conteñen letras mudas. (Unidade 4)
  - - Pronuncia do son das letras *ch* en palabras como “*charge*”, *sh* en palabras como “*shopping*”, e *ge* ou *j* en palabras como “*range*” ou “*job*”. Palabras que se acentúan de forma diferente dependendo de que sexan substantivo ou verbo. (Unidade 5)
  - - Pronuncia de *th* en palabras como “*think*” ou “*they*”. Pronuncia do son “u”, curto ou longo, en palabras como “*look*” ou “*too*”. (Unidade 6)
  - - Pronuncia do son do “i” longo en palabras como “*sneeze*” ou “*be*”. Pronuncia do son /ai/ en palabras como “*like*” ou “*by*”. A acentuación das palabras (dos modais, en particular) na frase. (Unidade 7)
  - - Pronuncia de sons de especial dificultade en palabras como “*sudden*”, “*bland*” e “*smooth*”. A acentuación das palabras na frase. (Unidade 8).
  - - Repaso dos sons de especial dificultade estudados até agora. (Unidade 9)

### **Reflexión sobre a aprendizaxe:**

- - Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- - Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe, como glosarios, apéndices gramaticais e ortográficos, guía de escritura, guías de conversación, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- - Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais, mediante comparación e contraste coas linguas que coñece.
- - Participación na avaliación da propia aprendizaxe, a través da sección *Check Your Progress* nas oito primeiras unidades do *Workbook* e usos de estratexias de autocorrección.
- - Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- - Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra da mesma.
- - Participación activa en tarefas da clase.
- - Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL**

- Valoración do uso da lingua estranxeira como medio para comunicarse con persoas de procedencias diversas.

Esta valoración potenciámola, a través do enfoque comunicativo do curso, que pon ao alumnado en situacións de comunicación significativas, tanto orais coma escritas, nas que a reflexión sobre diversos aspectos socioculturais é continua.

- Identificación de características comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e a propia, e respecto polos mesmos.

Introducimos aspectos socioculturais e comportamentos propios de anglofalantes nas distintas situacións e temas tratados, así como de culturas de fala non inglesa.

- Uso apropiado de fórmulas lingüísticas asociadas a situacións concretas de comunicación (cortesía, acordo, discrepancia...).

Nas mensaxes orais e escritas diferéncianse estes dous usos ao incluír neles vocabulario e expresións que usa a xuventude de hoxe en día e ao facer que os alumnos/as se comuniquen en inglés, a través das situacións reais de comunicación propostas, tanto orais coma escritas, partindo dos modelos dados.

Fomentamos no alumnado a capacidade de usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados, en consonancia coas seguintes situacións de comunicación e funcións lingüísticas: dar información persoal, falar sobre as noticias, comparar actividades, comparar comportamentos, describir un produto, contar o que dixo alguén, facer especulacións, etc.

- - Coñecemento dos elementos culturais máis significativos dos países onde se fala a lingua estranxeira: literatura, arte, música, cine, etc., obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

En cada unidade hai varias actividades coa icona do globo terráqueo, nas que se presentan aspectos socioculturais doutros países. Ao realizar estas actividades, o alumno/a involúcrase en situacións de comunicación significativas nas que ten que reflexionar sobre estes aspectos. Tamén hai unha sección *Culture magazine* ao final do *Student's Book*, na que se tratan temas culturais e interdisciplinares, axudándose de textos, preguntas de comprensión e tarefas para que o alumno/a busque información específica e desenvolva varias das competencias básicas.

Estes coñecementos trabállanse a través dos diferentes tipos de mensaxes escritas, tales como páxinas web, blogs, artigos de xornal e revista, biografías, folletos informativos, artigos científicos, infografías, etc.

Neste punto pretendemos que o alumnado desenvolva a capacidade de utilizar Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramenta de aprendizaxe en calquera contexto, dentro ou fóra da aula, para ampliar os seus coñecementos sobre os países de fala inglesa.

- - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.

Este interese fomentámolo, a través de actividades guiadas, tanto orais coma escritas, co fin de lograr que o alumnado poida alcanzar certa autonomía para comunicarse con outras persoas en inglés, tanto dentro coma fóra da aula.

- - Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Neste punto preténdese desenvolver a capacidade de: mostrar aprecio polas visións culturais distintas á propia presentadas nas unidades; mostrar respecto cara aos valores e comportamentos dos que se ten noticia, a través da lectura e da audición; respectar os demais compañeiros/as e o profesorado, e mostrar respecto e interese polo contido das súas intervencións orais e escritas, valorando a información que dan e respectando a quenda de palabra establecida, así como as distintas normas de funcionamento do centro educativo e da clase.

Esta valoración desenvolvémola de xeito implícito en todos os exercicios, sobre todo nos textos escritos, onde a reflexión sobre diversos aspectos socioculturais é continua.

## UNIDADE GETTING STARTED

### Obxectivos de aprendizaxe

- Repasar o vocabulario relacionado cos lugares da cidade, os adxectivos relacionados coa personalidade e os adxectivos relacionados coa comida e co mundo animal.
- Repasar os seguintes puntos gramaticais: contraste entre o Present Simple e o Present Continuous e entre o

Past Simple e o Past Continuous, o futuro con will e be going to, os cuantificadores e os determinantes, e a comparación dos adxectivos.

- Intercambiar información persoal.
- Utilizar a linguaxe da clase.
- Pronuncia do vocabulario da unidade e do abecedario.

Contidos

### BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Comprensión da comunicación interpersoal, co fin de contestar ao momento.
- Audición e comprensión da información xeral e dos datos máis relevantes dunha conversación sobre un festival de deportes de risco, en linguaxe clara e sinxela.
- Comprensión e produción oral do vocabulario da unidade para identificar os lugares de lecer, os adxectivos positivos e negativos, e o vocabulario relacionado co mundo animal; relacionar descrições cos lugares da cidade correspondentes; identificar se unhas oracións son verdadeiras ou falsas e corrixir as frases falsas; elixir as opcións correctas en distintas oracións; situar correctamente as palabras en letra grosa que aparecen nas frases equivocadas; e relacionar o vocabulario referente ás partes do corpo dos animais coas ilustracións correspondentes.
- Participación activa en conversacións e simulacións co compañeiro/a para desenvolver e practicar a comunicación na aula e intercambiar información persoal.
- Emprego de respostas espontáneas e precisas a situacións de comunicación na aula.
- Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e rematar a interacción.

### BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión escrita dun texto sobre a importancia de aprender inglés.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral, na sección Writing: organización dun texto e dos parágrafos do mesmo; recoñecemento dos signos de puntuación adecuados, do uso das maiúsculas ao comezo de frases, en nomes de linguas e en nomes de países; orde correcta das palabras: adxectivo-nome-adverbo de frecuencia-verbo.
- Identificación da intención do emisor da mensaxe.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas específicas.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

### BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Léxico / Vocabulario

- Os lugares da cidade.
- Os adxectivos relacionados coa personalidade.
- A comida.
- Os adxectivos relacionados coa comida.
- Os animais.
- As partes do corpo dos animais.
- Identificación, uso e valoración das estratexias de aprendizaxe adecuadas (ver obxectivo xeral de área nº 7).

Estrutura e funcións da lingua

- Diferenciación entre feitos habituais e o que ocorre no momento: o Present Simple e o Present Continuous.
- Diferenciación entre feitos pasados e o que ocorre nun momento específico do pasado: o Past Simple e o Past Continuous.
- O futuro con will e be going to.
- Fórmulas lingüísticas para expresar cantidade: os cuantificadores.
- A comparación dos adxectivos.
- Os determinantes: a/an, some e any.
- Fórmulas lingüísticas para intercambiar información persoal.
- Uso da linguaxe da clase.

Fonética

- Pronuncia correcta do vocabulario da unidade e do abecedario.

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais, mediante comparación e contraste coas linguas que coñecen.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Participación activa en tarefas e traballos en grupo.
- Indución das regras gramaticais a partir da observación.
- Uso da terminoloxía adecuada aos contidos.

#### BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAI E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Valoración da importancia da lingua estranxeira nas relacións internacionais.
- Uso apropiado de fórmulas lingüísticas asociadas ás situacións de comunicación traballadas na unidade: intercambiar información persoal e expresarse coa linguaxe que se utiliza na clase.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Criterios de avaliación

1. Comprender a información xeral e a específica, a idea principal e os detalles máis relevantes de textos orais emitidos en situacións de comunicación interpersoal.
2. Participar en conversacións e simulacións cos compañeiros/as, intercambiando información persoal e utilizando a linguaxe da clase, aplicando estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, producindo un discurso comprensíbel e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.
3. Comprender a información xeral e a específica de varias frases relacionadas coa linguaxe da clase. Serán capaces de identificar datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e a intención comunicativa do autor.
5. Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias, orais e escritas, e para comprender as producións alleas.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, e para establecer relacións persoais escritas, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, mostrando unha valoración positiva dos patróns culturais distintos aos propios.

Competencias básicas

- Competencias en comunicación lingüística:

- Vocabulary, SB, páxs. 4-5, Language Builder, LB, páxs. 4-5: repaso de vocabulario relacionado cos lugares da cidade, os adxectivos relacionados coa personalidade, a comida, os adxectivos relacionados coa comida e o mundo animal.
- Grammar, SB, páxs. 5-6: contraste entre o Present Simple e o Present Continuous e entre o Past Simple e o Past Continuous, o futuro con will e be going to, os cuantificadores, os determinantes e a comparación dos adxectivos.
- Getting ready for writing, SB, páx. 7: lectura dun texto sobre a importancia de aprender inglés e recoñecemento das características e convencións da linguaxe escrita.
- Speaking, SB, páx. 8: uso de fórmulas para intercambiar información persoal e linguaxe da clase de forma adecuada.

- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:

- Vocabulary, SB, páxs. 4-5: interese por coñecer información sobre lugares de interese turístico en distintas cidades do mundo, e sobre as comidas e o mundo animal.
- Grammar, SB, páx. 6: interese por coñecer información variada.

- Tratamento da información e competencia dixital:

- English in Use Interactive, [www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive](http://www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive): práctica das tarefas interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos, comprensión oral e escrita correspondentes á unidade de introdución.
- Digital Teacher's Resources:
  - + Burlington ESO Grammar Factory: práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
  - + Burlington ESO Culture Bank: coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes, mediante preguntas interculturais.
  - + Interactive Whiteboard Digital Materials: práctica das tarefas interactivas correspondentes á unidade de

introdución e uso das novas ferramentas Grammar Animation, Wordlists and Dictations, Slideshows e Team Games.

+ Test Factory and Other Resources: realización do exame diagnóstico e das follas de revisión.

- Competencia social e cidadá:

- Speaking, SB, páx. 8: coñecemento das formas reguladas de comunicación en inglés, para utilizalas en situacións de comunicación adecuadas ao contorno escolar; importancia dunha actitude respectuosa cara ao profesor/a, os compañeiros/as e as rutinas da clase.

- Competencia cultural e artística:

- Vocabulary, SB, páx. 4: curiosidade por coñecer información sobre lugares de interese turístico doutros países.  
- Getting ready for writing, SB, páx. 7: interese por aprender inglés para establecer a comunicación con xente doutras culturas.

- Competencia para aprender a aprender:

- Student Learning Record, WB, páx. 126; My English Experience, WB, páx. 127; English and Me, WB, páx. 128; My Strategies for Progress, WB, páx. 129; Self-Evaluation, WB, páxs. 130-131 e Language Builder, LB, páxs. 4-5: conciencia do grao de coñecemento da lingua.

- Autonomía e iniciativa persoal:

- Speaking, SB, páx. 8: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.

- Getting ready for writing, SB, páx. 7: sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- Student Learning Record, WB, páx. 126: conciencia dos obxectivos de aprendizaxe e da motivación persoal dos alumnos/as ante a lingua.

Temas interdisciplinares

- Bioloxía e xeoloxía:

- O mundo animal: os animais e as partes do corpo dos animais.

- Ciencias sociais, xeografía e historia:

- Os lugares da cidade.

- A localización de lugares de interese turístico no mundo.

- Educación ético-cívica:

- Respecto polos demais e por si mesmos á hora de intercambiar información persoal.

- Lingua e literatura:

- Contraste entre o Present Simple e o Present Continuous.

- Contraste entre o Past Simple e o Past Continuous.

- O futuro con will e be going to.

- Os cuantificadores e os determinantes.

- A comparación dos adxectivos.

- Os determinantes: a/an, some e any.

- Fórmulas lingüísticas para intercambiar información persoal.

- Lingua estranxeira:

- O inglés como lingua internacional.

UNIDADE 1: Taking Risks

Obxectivos de aprendizaxe

- Aprender o vocabulario relacionado cos deportes de risco e cos adxectivos que se utilizan para describir distintas experiencias.

- Utilizar correctamente o Present Perfect Simple e o Past Simple, así como a estrutura used to.

- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo dunha revista sobre o paracaidismo con traxe de ás, ou wingsuit, e as consecuencias do mesmo; unha reportaxe sobre os perigos que supón ser correspondente de guerra; unhas descrições de persoas recoñecidas por practicar actividades de risco; un texto sobre a valentía dunha espía británica que vai a París durante a Segunda Guerra Mundial; outro sobre un médico que viaxa a Sudán para axudar aos habitantes da zona; un texto sobre os riscos que corren os bombeiros neioiorquinos, e

outro sobre os peores incendios da historia.

- escoitar, de modo comprensivo, unha conversación sobre un festival de deportes de risco e unha entrevista.
- Debater sobre as noticias que se presentan nun dos exercicios da unidade; falar de tres cousas que adoitaban facer no pasado e que seguen facendo, e doutras tres que facían no pasado, pero que xa non fan; e facer unha entrevista a un compañeiro/a.
- Escribir unha reportaxe sobre unha persoa que admiren, prestando atención aos conectores de causa e efecto na oración inglesa.
- Pronunciar a forma débil e a forte das palabras e os sons /t/ e /e/.

Contidos

### BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Predición do tema da unidade, mediante o título da mesma, o apoio visual e os coñecementos previos.
- Comprensión do significado xeral e específico de charlas sinxelas sobre temas coñecidos (como críticas sobre os perigos que supoñen os deportes de risco) e presentados de forma clara e organizada.
- Comprensión xeral dos datos máis relevantes de varios diálogos emitidos polos medios audiovisuais en linguaxe clara e sinxela: unha conversación sobre un festival de deportes de risco, para contestar a preguntas de comprensión e identificar información específica, unha entrevista para o xornal dun colexio, para completar frases e contestar a preguntas de comprensión, e unha reportaxe dun correspondente de guerra, para realizar distintas actividades.
- Comprensión e produción oral do vocabulario da unidade para clasificalo correctamente, elixir as respostas adecuadas, contestar a preguntas de comprensión, facer un cuestionario, substituír as palabras en letra grosa que aparecen nas frases equivocadas polas correctas, nomear as palabras do vocabulario da unidade que funcionen como nomes e como verbos, e dicir os adxectivos que coñezan que terminen en -ous e en -al.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da actitude e intención do falante.
- Participación activa en conversacións e simulacións co compañeiro/a, para debater sobre as noticias que se presentan no exercicio 8 da páxina 11 da unidade; falar de tres cousas que adoitaban facer no pasado e que seguen facendo, e doutras tres que facían no pasado, pero que xa non fan; e facer unha entrevista a un compañeiro/a .
- Emprego de respostas espontáneas e precisas a situacións de comunicación na aula.
- Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e rematar a interacción.

### BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Identificación do tema e da intención dos emisores nun artigo dunha revista sobre o paracaidismo con traxe de ás, ou wingsuit, e dos perigos do mesmo, unha reportaxe sobre os riscos que supón ser correspondente de guerra, unhas descrições de persoas recoñecidas por asumir grandes riscos, un texto sobre a valentía dunha espía británica que foi a París durante a Segunda Guerra Mundial e outro sobre un médico que viaxa a Sudán para axudar aos habitantes da zona.
- Identificación da intención do emisor da mensaxe.
- Comprensión xeral e específica de textos escritos para buscar datos, decidir se os enunciados dados son verdadeiros ou falsos, incluíndo as frases do texto que apoiem as súas respostas, identificar palabras a partir de definicións, buscar frases que apoiem as afirmacións dadas, responder correctamente ás preguntas, completar oracións con fragmentos do texto, dicir que tres países son os máis perigosos para os correspondentes de guerra de hoxe en día e expresar a opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección Over to You.
- Lectura autónoma de textos máis extensos relacionados cos seus intereses: lectura dun texto sobre os riscos que corren os bombeiros de Nova York e doutro sobre os peores incendios da historia.
- Composición guiada dunha reportaxe sobre unha persoa que admiren, utilizando o léxico adecuado ao tema e ao contexto, os elementos necesarios de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando con autonomía estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Uso con certa autonomía do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto.
- Uso correcto de conectores de causa e efecto en inglés, tales como because, since, as, due to, as a result of, as a result, so e therefore.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

No Workbook:

- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas dun texto sobre as características máis perigosas dalgúns deportes, para a realización de distintas actividades.
- Produción escrita dunha reportaxe sobre unha persoa, a partir dun modelo dado.
- Realización dun ditado para consolidar o vocabulario da unidade.
- Tradución inversa de frases que conteñen as estruturas e palabras aprendidas na unidade.



### BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Léxico / Vocabulario

- Deportes de risco
- Adxectivos que se utilizan para describir distintas experiencias.
- Identificación, uso e valoración das estratexias de aprendizaxe adecuadas (ver obxectivo xeral de área nº 7).

Estrutura e funcións da lingua

- Fórmulas para expresar e describir feitos pasados: o Past Perfect Simple e o Past Simple.
- Fórmulas lingüísticas para describir hábitos pasados: used to + verbo na forma base.
- Fórmulas lingüísticas para falar sobre cousas que fixesen ou experimentasen algunha vez.
- Fórmulas lingüísticas para debater sobre noticias.
- Os conectores de causa e efecto: because, since, as, due to, as a result of, as a result, so e therefore.
- Aprendizaxe dos distintos significados de since, a través da sección English in Use.

Fonética

- Identificación e pronuncia da forma débil e forte das palabras.
- Pronuncia dos sons /ɪ/ e /e/.

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais, mediante a comparación e o contraste coas linguas que coñecen.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Participación activa en tarefas e traballos en grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.
- Indución das regras gramaticais a partir da observación.
- Uso da terminoloxía adecuada aos contidos.

No Workbook:

- Sección Check your Progress para afianzar ou ampliar os coñecementos da unidade.
- Seccións Self-Evaluation e Learning Competences para reflexionar sobre o inglés aprendido até o momento.

### BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURALS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Valoración da importancia da lingua estranxeira nas relacións internacionais.
- Identificación das características máis significativas da linguaxe utilizada para falar de noticias e facer entrevistas.
- Identificación dos tres países máis perigosos para os reporteiros de hoxe en día e localización dos mesmos nun mapa.
- Coñecemento dos elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira: datos interesantes sobre Jonathan Florez (que bateu a marca de tempo en salto en paracaidismo de traxe con ás, ou wingsuit), sobre o Estado Islámico (grupo terrorista que capturou e asasinou a dous reporteiros americanos), e sobre o World Trade Center (complexo con 104 plantas que substitúe a outro que foi destruído tras un ataque terrorista), a través da sección Did You Know?
- Comprensión do significado de diferentes sinais, a través da sección Everyday English.
- Uso apropiado de fórmulas lingüísticas para reaccionar ante noticias, das formas débiles e fortes de palabras tales como have e has, e de expresións que denotan sorpresa.
- Identificación das diferenzas de significado entre tall e high e uso correcto dos distintos significados de since, a través da sección English in Use .
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Criterios de avaliación

1. Comprender a información xeral e a específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais.

2. Participar en conversacións e simulacións breves cos compañeiros/as para debater sobre as noticias presentadas, falar de tres cousas que adoitaban facer no pasado e que seguen facendo, e doutras tres que facían no pasado, pero que xa non fan, e facer unha entrevista a un compañeiro/a, utilizando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.
3. Comprender a información xeral e a específica dun artigo dunha revista sobre o paracaidismo con traxe de ás, ou wingsuit, e as consecuencias do mesmo, unha reportaxe sobre os perigos que supón ser correspondente de guerra e un texto sobre o perigo que corren os bombeiros en Nova York e os peores incendios da historia. Serán capaces de identificar datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e a intención comunicativa do autor.
4. Redactar con certa autonomía unha reportaxe sobre unha persoa que admiren, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de modo que sexan facilmente comprensíbeis para o lector.
5. Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias, orais e escritas, e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar estratexias de aprendizaxe utilizadas, poñer exemplos doutras posíbeis e decidir sobre as máis adecuadas ao obxectivo de aprendizaxe, tales como a capacidade de valorar o seu progreso, a reflexión sobre como aprende un mesmo, a aceptación do erro, a utilización de técnicas para aprender e memorizar o vocabulario e o uso de apéndices gramaticais e de escritura, etc.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, e para establecer relacións persoais escritas, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira no referente ás afeccións e profesións que supoñen riscos e aos atentados terroristas, mostrando unha valoración crítica cara aos mesmos.

#### Competencias básicas

- Competencias en comunicación lingüística:

- Vocabulary, SB, páxs. 10 e 14, Language Builder, LB, páxs. 6-7: vocabulario relacionado cos deportes de risco e cos adxectivos que se utilizan para describir distintas experiencias.
- Reading, SB, páxs. 12 e 19; Vocabulary, SB, páx. 14, Putting It Together, páx. 18; sección Culture Magazine, páxs. 130-131; WB, páx. 11: lectura e comprensión dun artigo dunha revista sobre o paracaidismo con traxe de ás, ou wingsuit, e as consecuencias do mesmo, unha reportaxe sobre os perigos que supón ser correspondente de guerra, unhas descrições de persoas recoñecidas por ter practicado actividades de risco, un texto sobre a valentía dunha espía británica que foi a París durante a Segunda Guerra Mundial e outro sobre un médico que viaxa a Sudán para axudar aos habitantes da zona, un texto sobre os riscos que corren os bombeiros neoiorquinos, e outro máis sobre os peores incendios da historia. Lectura dun texto sobre as características máis perigosas dalgúns deportes.
- Grammar, SB, páxs. 11 e 13 e sección Putting It Together, páx. 18: comunicarse empregando o Present Perfect Simple ou o Past Simple, segundo corresponda, e a estrutura used to.
- Listening, SB, páxs. 13-14: comprensión dunha conversación sobre un festival de deportes de risco e dunha entrevista.
- Speaking, SB, páxs. 11, 13 e 15: participar en conversacións e simulacións co compañeiro/a para debater sobre noticias, falar de cousas que fixesen ou experimentasen algunha vez, e que fixesen de novo desde entón, ou non, e facer unha entrevista.
- Pronunciation, SB, páxs. 15 e 165: pronuncia da forma débil e forte das palabras, e dos sons /i/ e /e/.
- Writing, SB, páx. 16; WB, páxs. 13 e 116 (Writing Plan): expresión escrita de reportaxes sobre persoas que admiren, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados.

- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:

- Over to you, SB, páx. 18: indicar que tres países son os máis perigosos para os reporteiros de hoxe en día e sinalalos nun mapa.

- Tratamento da información e competencia dixital:

- Writing, SB, páx. 16: autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- Reading, SB, páx. 12; CLIL Media, SB, páx. 19: a prensa como fonte de información. Actitude crítica ante a información presentada.
- Speaking, páxs. 11, 13 e 15, Grammar, SB, páxs. 11 e 13: respecto polas normas de conduta na clase, en interaccións co profesor/a ou cos compañeiros/as, ao usar a información e as súas fontes.
- English in Use Interactive, [www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive](http://www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive): práctica das tarefas interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos, comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 1.
- Digital Teacher's Resources:

- + Burlington ESO Grammar Factory: práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
- + Burlington ESO Culture Bank: coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes, mediante preguntas interculturais.
- + Interactive Whiteboard Digital Materials: práctica das tarefas interactivas correspondentes á unidade 1 e uso das novas ferramentas Grammar Animation, Wordlists and Dictations, Slideshows e Team Games.
- + Test Factory and Other Resources: realización dos exames correspondentes á unidade 1.
- Everything English Video. Reprodución do capítulo 1. Práctica de comprensión e expresión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

- Competencia social e cidadá:

- Speaking, SB, páxs. 11, 13 e 15; English inUse , SB, páxs. 11, 13 e 15: actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións na aula.
- Reading, páx. 12, 19 e 130: respecto polas profesións que supoñen grandes perigos e polos deportes de risco.
- Did You Know?, páxs. 12, 18 e 131: interese por coñecer datos sobre marcas relacionadas cos deportes de risco e sobre o terrorismo e as súas consecuencias.
- Everyday English, SB, páx. 17: interese por aprender os significados de diferentes sinais.

- Competencia cultural e artística:

- Reading, SB, páx. 12; Vocabulary, SB, páx. 14: interese por coñecer distintos tipos de deportes de risco e persoas recoñecidas por facer este tipo de deportes.
- Culture Magazine, SB, páxs. 130-131: reflexión sobre os riscos que corren os bombeiros neoiorkinos e sobre os peores incendios da historia.

- Competencia para aprender a aprender:

- Putting it together SB, páx. 18; Student Learning Record, WB, páx. 126; My English Experience, WB, páx. 127; English and Me ,WB, páx. 128; My Strategies for Progress, WB, páx. 129; Self-Evaluation, WB, páxs. 130-131 e Language Builder, LB, páxs. 6-7: conciencia do grao de coñecemento da lingua.

- Autonomía e iniciativa persoal:

- Speaking, SB, páxs. 11, 13 e 15; English inUse , SB, páxs. 11, 13 e 15; Writing, SB, páx. 16: uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Reading, SB, páx. 12; Vocabulary, SB, páx. 14; Culture Magazine, SB, páxs. 130-131: sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Writing, SB, páx. 16; WB, páxs. 13 e 116 (Writing Plan): capacidade de organización á hora de presentar un traballo escrito.
- Self-Evaluation, WB, páx. 15: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

### Temas interdisciplinares

- Ciencias sociais, xeografía e historia:

- Persoas que practicaron deportes de risco ao longo dos tempos.
- As profesións que supoñen altos riscos: os correspondentes de guerra e os bombeiros.
- Localización nun mapa dos tres países máis perigosos para os reporteiros de hoxe en día.
- O terrorismo e as súas consecuencias ao longo da historia.
- Os peores incendios da historia.

- Educación ético-cívica:

- Respecto polos deportes de risco.
- Respecto polas profesións que supoñen perigos.
- Reflexión sobre as consecuencias dos actos terroristas.
- Reflexión sobre a importancia de non provocar un incendio.
- Respecto pola sinalización.
- Respecto polas opinións dos demais.
- Educación física:
- Deportes de risco: o paracaidismo con traxe de ás, ou wingsuit.

- Lingua e literatura:

- Contraste entre o Present Perfect Simple e o Past Simple.
- A estrutura used to en afirmativa, negativa e interrogativa, para expresar hábitos no pasado.
- Fórmulas lingüísticas para falar sobre cousas que fixesen ou experimentasen algunha vez.

- Fórmulas lingüísticas para debater sobre noticias.
- Os conectores de causa e efecto.
- Lectura da prensa e artigos de revistas, para a obtención de noticias.
- Tradución lingua propia-inglés no Workbook.

- Lingua estranxeira:
  - Os distintos significados de since en inglés.
- UNIDADE 2: Kings and Queens

#### Obxectivos de aprendizaxe

- Aprender o vocabulario relacionado coa realeza, o cine e a televisión.
- Utilizar correctamente os pronomes relativos who, which, that, where, when e whose.
- Utilizar correctamente os compostos de some, any e no.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha crítica da serie de televisión Xogo de tronos, unha guía de televisión dun xornal, un texto sobre a serie Os Tudor, outro sobre Downton Abbey, un texto sobre mulleres que tiveron poder ao longo da historia e outro sobre os acordos matrimoniais nas familias reais, e outro máis sobre as leis sucesorias británicas.
- escoitar, de modo comprensivo, un debate sobre a lingua Dothraki da serie Xogo de tronos e unha crítica dunha película.
- Facer un concurso de preguntas e respostas, facer preguntas sobre cousas relacionadas co cine e a televisión e respondelas, e falar de películas.
- Escribir unha crítica cinematográfica, prestando atención ao uso dos conectores de contraste e á estrutura do texto.
- Identificar e producir os sons /s/, /k/ e /tʃ/ e practicar a entoación de frases en inglés.

#### Contidos

##### BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Predición do tema da unidade, mediante o título da mesma, o apoio visual e os coñecementos previos.
- Audición e comprensión de mensaxes orais breves referentes a vocabulario relacionado coa realeza e coas guías de televisión, e cunha crítica da serie de televisión Xogo de tronos.
- Comprensión xeral dos datos máis relevantes emitidos polos medios audiovisuais, en linguaxe clara e sinxela: comprensión oral dun debate sobre a lingua Dothraki da serie Xogo de tronos e dunha crítica dunha película, para realizar distintas actividades.
- Comprensión e produción oral do vocabulario da unidade para facer un concurso de preguntas e respostas, vincular palabras de vocabulario relacionado coa realeza co seu significado, responder preguntas, unir palabras de vocabulario relacionado co cine e a televisión coas súas definicións, e facer unha lista dos programas de televisión e das películas que lembren.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da actitude e da intención do falante.
- Participación activa en conversacións e simulacións co compañeiro/a, para facer unhas preguntas relacionadas co cine e coa televisión e contestalas, facer un concurso de preguntas e respostas, e falar de películas.
- Práctica de diálogos para facer plans, utilizando os modelos dados.
- Emprego de respostas espontáneas e precisas a situacións de comunicación na aula.
- Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e rematar a interacción.

##### BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Identificación do tema dunha crítica da serie de televisión Xogo de tronos, dunha guía de televisión dun xornal, dun texto sobre a serie Os Tudor, doutro sobre Downton Abbey, e doutro máis sobre mulleres que tiveron poder ao longo da historia, apoiándose no contexto e na intención dos emisores das mensaxes.
- Identificación da intención do emisor da mensaxe.
- Comprensión xeral e específica de textos escritos para a realización de diferentes actividades.
- Lectura autónoma de textos máis extensos relacionados cos seus intereses: lectura dun texto sobre os acordos matrimoniais nas familias reais e doutro sobre as leis sucesorias británicas.
- Composición guiada dunha crítica cinematográfica, prestando atención ao uso dos conectores de contraste e á estrutura do texto.
- Uso, con certa autonomía, do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto.
- Uso correcto dos conectores de contraste.
- Debuxar unha árbore xenealóxica con tres xeracións dalgunha familia real e escribir algo interesante sobre a

familia elixida.

- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

No Workbook:

- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas dunha crítica sobre a serie de televisión española Isabel, para a realización de diferentes actividades.
- Produción escrita dunha crítica de cine a partir dun modelo dado.
- Realización dun ditado para consolidar o vocabulario da unidade.
- Tradución inversa de frases que conteñen as estruturas e palabras aprendidas na unidade.

### BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Léxico / Vocabulario

- Vocabulario relacionado coa realeza, o cine e a televisión.
- Identificación, uso e valoración das estratexias de aprendizaxe adecuadas (ver obxectivo xeral de área nº 7).

Estrutura e funcións da lingua

- Os pronomes relativos: who, which, that, where, when e whose.
- Os compostos de some, any e no.
- Diferenzas de significado entre “kill”, “execute” e “assassinate”.
- Uso da palabra “plot” como nome e como verbo en inglés. Diferenzas de significado.
- Fórmulas lingüísticas para facer preguntas e respondelas.
- Os conectores de contraste.

Fonética

- Identificación e produción dos sons /s/, /k/ e /tʃ/.
- Práctica da entoación de frases en inglés.
- Acentuación correcta das preposicións en inglés ao final da frase.

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais, mediante comparación e contraste coas linguas que coñece.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
